

É o noso compañeiro inseparable nesas horas de corrección que pasamos diante dun feixe de cadernos e de exames, subliñando, anotando, redactando textos alternativos que melloren a competencia lingüística do noso alumnado.

Non lle falta traballo, sobre todo cando detectamos como a lingua das nenas e nenos que enchen as aulas de Galicia inza de erros gramaticais e ortográficos, de repeticións léxicas, de incoherencias semánticas e oración inconexas. E cantas veces levamos as mans á cabeza! Mais, ás veces, cegados polo noso instinto corrector, os/as docentes tamén abusamos do *boli vermello*, converténdoo nun instrumento de censura, que

mutila aquilo que nunca debería ser castigado: o uso natural do galego non estandarizado, pero modélico desde un punto de vista fonético e dialectal.

Porque a esa rapazada que fala galego como *quen bebe auga da fonte* non debemos estigmatizala marcando os seus usos lingüísticos cun trazo acusador, que mete no mesmo saco da incorrección un castelanismo ca un dialectalismo, e tende a cualificar con mellor nota un alumno/a que escribe *beirarrúa* nos exames (pero fóra da aula ignora o galego) que outro que distingue a *bola do pan* da do fútbol, e aloumiña a pel do seu ghatto cando chegha á casa falando ese *ghallegho* que algúns docentes consideran *unha deturpación vulgar da normativa da Xunta*.

E se cadra xa vai sendo hora de pousar o bolígrafo vermello cando aínda temos nas aulas nenas e nenos que *nos aprenden a falar ben*, e non lles poñen mala nota ás nosas incoherencias pedagóxicas.



## A mediación escolar

### Como detectar un trastorno da conduta alimentaria

### Familia e lectura



# CADENCIAS

Gracia Santorum


## Para facer

*Salón do Libro Infantil e Xuvenil.* O mes de marzo é o mes escollido para o XVI Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que este ano leva como título “Da ciencia á ficción”, explicando que “as matemáticas, a astronomía, a bioloxía, a física e a química... esclarecen feitos obxectivos e observables que inspiraron grandes historias de ficción. Historias que chegaron e chegarán a converterse en realidade grazas á ciencia”. Un lugar para pasear, aprender, gozar... da cultura galega.




## Para ler

*Osos* [Ed. Kalandraka]. A editorial Kalandraka segue a nos proporcionar as obras inesquecibles de Maurice Sendak. Nesta ocasión, Sendak ilustra o sinxelo texto de Ruth Krauss, convertendo o álbum nunha oseira dirixida por un neno vestido con traxe de lobo. Un divertido catálogo de osos que convidan a nenos e nenas a entrar en escenas ben curiosas onde os osos son o pano de fondo dun rapaz que persegue o seu cadelo por roubarlle un seu osiño de peluche.







## Para escoitar

*Non hai berce coma o colo* [Ed. Kalandraka]. Quince cantos tradicionais para durmir, quince temas actualizados recollidos pola xeografía galega, con Paulo Nogueiras e Magoia Bodega. O proxecto, que conta con ilustracións de Marióna Cabassa, incorpora as voces de Sonia Lebedinsky, Mini e Merchi de Leilía, César Longa, de Treixadura, Pancho Álvarez, Begoña Riobó e Segundo Grandío. Imposible non durmir con esta dozura nos oídos.




Revista editada pola CGENDL  
www.coordinadoraendl.org  
ollosdeaula@gmail.com  
Deseño-maquetación:tallerDD.com



## {MEDIACIÓN ESCOLAR}

A mediación escolar é unha práctica que se utiliza para resolver conflitos de convivencia entre rapaces/as. Os centros que practican a mediación contan cun equipo de alumnos/as formados/as para solucionar os problemas que poidan xurdir entre os seus compañeiros/as. Os mediadores/as teñen que ser imparciais, gardar a confidencialidade e procurar un acordo voluntario entre as partes. Son solicitados/as



polos rapaces e rapazas protagonistas do conflito e intentan que as cousas se arranxen sen ter que acudir á xefatura de estudos ou ao titor. Con todo, hai sempre un adulto supervisando o desenvolvemento de todo o proceso.

En varios dos nosos centros xa se ofrece o servizo de mediación escolar e a experiencia resulta positiva: os rapaces e rapazas reaccionan mellor entre iguais, aceptan as recomendacións con máis tranquilidade e asumen as súas responsabilidades de mellor grado. Son o exemplo claro de que a resolución pacífica e dialogada de conflitos é posible.

## A pregunta

Como detectar un trastorno da conduta alimentaria?



En primeiro lugar, aclarar que preocuparse polo peso non ten por que ser unha cuestión de por si mala. Ó contrario, manterse dentro dun peso normal é unha cuestión de saúde. Outra cousa ben diferente é que o noso fillo ou filla converta este tema no centro da súa vida. Dito isto, insistir en que un trastorno da conduta alimentaria (TCA) é unha patoloxía grave e cando antes sexamos conscientes do problema, antes poderemos actuar. Hai que estar especialmente atentos na adolescencia, que é cando empeza a haber unha preocupación polo corpo, a moda..., pero iso non quita que se poida presentar noutras etapas.

Polo que respecta ás manifestacións, poden ser moi diferentes, segundo o trastorno, pero deberían acenderse as alarmas se observamos que o noso fillo ou filla comeza a saltar as comidas, a cortar os alimentos en anacos moi pequenos ou a marealos no prato para non acabar comendo case nada, a ir ao baño despois das comidas, a falar constantemente do seu peso e do

gordo/a que se ve, a mercar laxantes ou produtos adelgazantes, a aumentar a actividade física, a mostrar síntomas de debilidade... Vai ser moi difícil que o afectado/a recoñeza o problema, polo que é esencial estar atento para, como en todas as cuestións que teñen que ver coa saúde, acudir ao especialista, que, neste caso, sería, en primeira instancia, o médico de atención primaria.





Coa desculpa de que o mes de abril é o mes dos libros, achégase ás páxinas de “O Tema” Pilar Sampedro para preguntar e responder sobre o papel que debe xogar a familia na iniciación á lectura.

## Da lectura. Pregunta e respostas

Pilar Sampedro

[Docente. Traballa actualmente na Asesoría de bibliotecas escolares da Consellería de Educación]

Se nos preguntamos as razóns polas que é necesario fomentar a lectura entre os máis pequenos, só temos que dedicarlle un tempo de reflexión para que cada unha de nós apunte respostas de moito peso: porque sen lectura non hai aprendizaxe, porque a lectura é a chave académica e profesional que nos permitirá unha cidadanía verdadeira e real, porque nun mundo construído de palabras estaremos perdidos sen a competencia lectora (a máis transversal e clave de todas), porque pensamos con palabras e os nosos esquemas mentais están feitos con esa argamasa... E se fósemos máis lonxe, chegaríamos a iluminar a importancia da lectura nese fito que separou a Prehistoria da Historia en base á aparición da escritura. Toda familia quere o mellor para as súas criaturas, desexa para elas as máis ricas e felices experiencias e sabe que non terá a posibilidade de logralas sen unha boa alfabetización (que, na actualidade, xa debe levar os apelidos de informacional e multimedia). A lectura (por ser a nai da competencia para aprender a aprender, é dicir, a que lles permitirá estudar ao longo da vida e pola súa conta) debe contar co apoio de toda a sociedade; non é suficiente con que se traballe na escola, senón que ha de ser apoiada por toda a tri-

bo (tal e como o proverbio africano fala da educación de cada rapaz e rapaza). Facemos falta todos e todas, e en todos os tempos.

A familia é a primeira célula e, como tal, prepárase cando vai recibir un novo membro recuperando a tradición oral, lembrando os cantos de berce e os arrollos, os xogos e as cantigas... Daranlle de ler co mesmo coidado que lle dan de comer, convértense en lectores por conta allea para achegarlle os contos que aínda non pode descifrar e vano acompañando nese camiño de descuberta dos libros. A familia lévao da

man por esa xeografía da lectura que constitúen as librarías e as bibliotecas, iralle agasallando libros na xusta medida para construír a biblioteca persoal, a que irá medrando ao

longo dos días. Familia e escola traballan man a man para introducir a rapazada no acervo cultural que se foi erguendo ao longo dos tempos, o herdo que nos identifica como humanos neste lugar do mundo que se chama Galicia. Por

iso, esa lectura faise en galego da mesma maneira que o primeiro

alimento é o leite, logo virán outras viandas e outras

linguas que completarán os nosos bens.

Porque ler esixe máis esforzo que mirar, porque necesita moitas horas de adestramento, porque nunca se acaba de aprender, xa que sempre haberá un texto

máis difícil e especializado..., non podemos

deixar de man ese empeño. Haberá que insistir arroupando con afecto e estratexias esa construción do lector.

En tempos de crise hai que volver ao básico, ao máis importante. En tempos acelerados hai que retomar a calma para pensar onde está o imprescindible. E a lectura é esa medicina preventiva que sempre nos serve para evitar o fracaso.

a lectura é esa medicina preventiva que sempre nos serve para evitar o fracaso

